UN PERCORRIDO POLAS MONTAÑAS GALEGAS: SERRAS DO NORTE

A serras septentrionais son un conxunto de montañas con orientación E-O que delimitan, polo sur, a Mariña luguesa e os terreos costeiros do Cantábrico. Son a divisoria de augas entre os ríos que van ao Cantábrico e os afluentes do Miño.
O grupo máis importante é o formado polas serras do Xistral, A Carba, Buio e A Toxiza, superficies achairadas levantadas pola tectónica de placas, con relevos suaves e separadas entre sí polos vales dos ríos.
Os seus cumes teñen unha elevada nubosidade durante todo o ano, factor que favorece o desenvolvemento de turbeiras.
Outras formacións de menor tamaño e altura son o monte Guriscado, os Montes dos Cabaleiros ou a Gañidoira.
Os materiais que forman as serras septentrionais son moi variados: xistos, granitos, gneis "ollo de sapo", lousas, calcárias, cuarcitas...

SERRA DO XISTRAL

O picos mái altos é o Cadramón (1.060 m).
O Xistral ten un gran interese ecolóxico por acoller unhas das mellores turbeiras de Europa e especies únicas ou moi escasas e de gran valor.
Está declarada, xunto coa serra da Carba e A Toxiza, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, proposta para a Rede Natura 2000.Está incluída en parte na Reserva da Biosfera "Terras do Miño".
Accedese desde Abadín, San Simón da Costa, Muras, Ferreira e Alfoz.

Xunca de algodón.

Rorela (*Drosera rotundifolia*) unha planta carnívora típica de solos asolagados pobres en nutrintes.

Vista de turbeiras de cobertor e val. O Xistral contén o maior sistema de turbeiras de cobertor da Península Ibérica debido ás condicións de humidade xunto con temperaturas frescas durante case todo o ano.

MONTES DE BUIO

O cume máis alto e o Pan da Vella, con 702 m.
Está declarado Zona de Especial Protección dos Valores Naturais co nome de "Montemaior", proposto para a Rede Natura 2000.
Accedese desde a estrada de Viveiro ao Valadouro, por Laxamoura (pista de terra) ou polo curro de Candaoso.

O ecosistema máis interesante destas serras son as turbeiras de cobertor, que acadan nalgúns puntos os 3 m de espesor e que están sendo explotadas industrialmente.

SERRA DA CARBA

O punto máis alto é a Carba con 908 m. Desde os cumes hai unhas vistas panorámicas sobre a Terra Chá e a Serar do Xistral. Hai interesantes formacións de cuarcita.

O cume máis representativo da serra da Carba é Pena Goia ou Peñote (871 m) cun perfil escarpado de forma piramidal labrado en cuarcitas que contrastan coas formas máis redondeadas do resto da serra.

SERRA DE LOURENZÁ

O pico máis alto é A Revolta, con 785 m. Desde o Padornelo, ao que se accede desde Lindín, hai unhas boas vistas da serra da Toxiza, do val de Mondoñedo e a costa de Foz.
Accedese desde a estrada de Mondoñedo a Meira.

Cova do Rei Cintolo, situada na ladeira occidental da serra de Lourenzá.

SERRA DA TOXIZA

Acada 838 m de altura máxima. Conserva turveiras de gran interese ecolóxico e espectaculares bolos e penedos graníticos. Desde o cume hai unhas excelentes vistas sobre Mondoñedo, a Serra do Xistral e o Valadouro.
Forma parte do LIC Serra do Xistral.

Accedese desde Mondoñedo pola estrada de Zuñán, desde a área recreativa da Fervenza, desde Tronceda, desde Alfoz ou desde Abadín.

Breixo de turbeira (*Erica tetralis*)



A FROUXEIRA

É unha montaña de 429 m de altura situada entre os concellos de Foz e Alfoz. Én un gran domo de granito rosado con formacións de grandes penedos e bolos. No cume atópanse os restos do castelo do Mariscal Pardo de Cela, e desde el pódense disfrutar de vistas panorámicas da costa de Foz e do Valadouro.
Accedese desde a estrada de Foz a Alfoz.

SERRA DO MONDIGO

A máxima altura é o Alto do Mondigo, con 570 m, un excelente mirador sobre a costa de Burela a Ribadeo.
Accedese desde o km 13 (Cubelos) da estrada de Vilamar a Ribadeo (Lu 133).

Cuarcitas no alto do Mondigo e costa da Mariña Lucense.

Adela Leiro
Mon Daporta